

A RECONQUISTA DE VIGO: A ADAPTACIÓN SECULAR DUNHA TRADICIÓN

THE RECONQUEST OF VIGO: THE SECULAR ADAPTATION OF A TRADITION

Luis Domínguez Castro

Universidade de Vigo

ORCID: 0000-0003-0894-1641

Resumo: A Reconquista de Vigo é unha tradición inventada que serve para exemplificar ben os procesos de evolución histórica da memoria colectiva. Algo encadrado nas xestas da guerra da Independencia acaba sendo un acto de afirmación viguesa. Unha conmemoración cívico-relixiosa, cos cambios culturais, devén nunha celebración de festa comunal. Ao longo de máis de douscentos anos, as autoridades municipais comezan sendo as responsables da programación para seren substituídas pola sociedade civil.

Abstract: The Reconquest of Vigo is an invented tradition that serves to illustrate the historical evolution of collective memory. Something framed within the exploits of the Peninsular War has become an act of affirmation for Vigo. A civic-religious commemoration, with cultural changes, has become a communal celebration. The Municipal authorities were initially responsible for organising the programme but were later replaced by civil society. All this took place over the course of more than two hundred years.

Palabras chave: Reconquista de Vigo, invención da tradición, festas históricas, lugar de memoria.

Key words: The reconquest of Vigo, invention of tradition, historical festivals, site of memory.

A programación da festa da Reconquista de Vigo acostuma comezar, desde hai anos, cun concerto de música clásica na basílica de Santa María contra o mediodía.¹ O 6 de abril de 1997, a primeira vez que a Asociación Veciñal e Cultural do Casco Vello de Vigo recreou os acontecementos da primavera de 1809, o cego Casimiro ía glosando para o público as fases máis significativas do acto teatral. A ocupación francesa, o asalto popular pola Porta da Gamboa, a rendición invasora e a acción de grazas ao Cristo da Vitoria (Machuca 1997).

Na primeira xornada da última edición da festa, cando xa se recollía o día, representouse a destitución da corporación por afrancesada. Catro días despois, tivo lugar a Reconquistiña coa participación das nenas e nenos escolantes. O propio día, 28 de marzo, foi escenificado o asalto a un carro de provisións na praza do Berbés. O sábado volveu repetirse o cadro no paseo de Afonso XII. O prato forte quedou para o domingo, coa saída da milicia e das alarmas das parroquias rurais desde O Berbés e a recreación da Reconquista na Porta do Sol, na Porta da Gamboa e no peirao, co cego da zanfona resaltando algúns dos episodios. O alcalde Vázquez Varela e o comandante francés da praza, Chalot, son os grandes protagonistas individuais. O pobo vigués, nomeadamente as mulleres, o gran protagonista colectivo. Tamén se singulariza a María da Aurora, o mariñeiro Carolo, o capitán Cachamuíña, o tenente portugués Almeida e a George McKinley, o escocés que comandaba a fragata británica *Lively*.² A pegada relixiosa da efeméride vai desaparecendo e isto supón, talvez, a principal mudanza acontecida na celebración.

AS ORIXES DA FESTA

O 11 de xuño de 1809, apenas tres días despois da batalla vitoriosa de Ponte Sampaio, o Concello de Vigo, a Xunta de Guerra, constituída na súa sede, e o conde de Noroña, tras tomar posesión como presidente da Real Audiencia de Galicia por estar ocupada a cidade da Coruña,³ asistiron a un solemne Te Deum e a unha misa na colexiata. Ían acompañados polo Consello Militar, polo corpo de Mariña e resto de tropas, así como por particulares do pobo

1 Concello de Vigo. Programación Reconquista 2025. <https://www.turismodevigo.org/gl/node/83813>

2 Ver a recreación oficial en: <https://www.youtube.com/watch?v=ZABQbdsOjOM>

3 *Libro de Actas del Ayuntamiento de Vigo de 1809*. “Toma de posesión del nuevo Presidente de la Real Audiencia de Galicia el Sr. Conde de Noroña”. 26 de maio de 1809. Folios 89-90. Arquivo Municipal de Vigo (AMV).

e numeroso xentío dos arredores. O acto tiña como finalidade “tributar al todo Poderoso las mas reverentes gracias”.⁴

En marzo do ano seguinte, no primeiro aniversario da Reconquista, celebrouse unha misa solemne e a corporación viguesa acordou convocar o clero e os gremios para⁵

...votar para todos los siglos venideros igual festividad en acción de gracias al todo poderoso implorando la continuación de sus soberanos ausilios, a este efecto y para que pueda legitimarse igual solemidad estableciendo para ella y por día festivo el del 28 de Marzo de cada año como el de nuestra libertad el que se ha de dedicar enteramente al culto Divino y de la venerada efigie del Santísimo Christo de la Victoria con la Función más clásica que se recuerde.

As forzas vivas aproveitaron a xesta bélica para conseguir que por Real Decreto de 1 de marzo de 1810 se lle concedese o título de cidade fiel e leal á daquela vila de Vigo “en atención a los señalados servicios, heroica lealtad y esforzado denuedo, que han manifestado los vecinos de ella en defensa de la justa causa de la independencia nacional”.⁶ Con todo, os moitos vaivéns acontecidos nos seguintes anos e a forte oposición de Tui a recoñecer tal distinción recaída nunha vila da súa xurisdición (Estrada Catoyra 1978, p. 55) obrigaron a Fernando VII a ter que facer unha confirmación do título outorgado o 22 de novembro de 1819, engadindo o adxectivo de valorosa aos outros dous xa sinalados. Comezaba así a ligazón constante que se faría entre o feito de armas, o primeiro chanzo nas fazañas viguesas modernas, e o deber dos descendentes de incrementar a herdanza recibida facendo valer os dereitos e as bonanzas da urbe. Non deixaba de haber un punto de melancolía na recompensa. Alcanzábase esa honra, outrora cargada de privilexios, nunha altura na que xa nada importante ía reportar, máis alá, talvez, da breve capitalidade no Trienio Liberal.

Tamén é preciso salientar que, nada máis saír a mar aberto as fragatas inglesas que levaban as tropas francesas rendidas, comezou unha asañada loita polo relato de quen era merecente de máis honra pola toma da praza (Vallejo e Domínguez 2009, pp. 238-239). O fidalgo Joaquín Tenreiro, acredor

4 *Libro de Actas del Ayuntamiento de Vigo de 1809*. “Exposición del Ayuntamiento de Vigo al Rey”. 15 de xuño de 1809. Folio 98, AMV.

5 *Libro de Actas del Ayuntamiento de Vigo de 1810*. “Convocatoria para instituir el aniversario de la Reconquista”. 30 de marzo de 1810. AMV.

6 *Faro de Vigo*. 23/IV/1854, p. 1.

do título de conde de Vigo en 1818, será o impulsor da interpretación absolutista que converte o pobo dirixido polos seus señores naturais (el mesmo, co tenente portugués Almeida e o abade de Valadares) no elemento central e lle atribúe ao exército un papel secundario (incluídos Morillo e Cachamuíña) e residual aos ingleses.⁷ O cóengo liberal Manuel Acuña y Malvar (1811, pp. 18-47), quen fora comisionado pola Junta Central xunto co tenente coronel García del Barrio e o alférez de navío Pablo Morillo, recoñece a Tenreiro como líder do cerco ata a chegada de Morillo, quen convence os comandantes ingleses e protagoniza o asalto e entrada na vila coas súas tropas, co apoio de Cachamuíña, mentres que as alarmas de Tenreiro e Valadares contiñan os reforzos galos que chegaban desde Tui. Morillo (1809), autor do relato oficial que se vai publicar na *Gazeta del Gobierno*, na liña de Acuña, dirá que tropa e paisanos se disputaban a gloria do asalto que el dirixía e esquece toda colaboración do daquela alcalde-xuíz Vázquez Varela desde dentro.⁸ Porén o alcalde deixara testemuño, en abril de 1809, do seu papel e dos paisanos sitiados, así como dos cercadores comandados por Tenreiro, que estaban preparados para facilitar o asalto desde o interior cos fusiles non entregados pertencentes á Milicia Honrada.⁹ Tamén Cachamuíña fai o seu relato, o 4 de abril, pódose como o oficial que dirixe as operacións, intima a rendición e mesmo redacta as capitulacións e pasa a ser o gobernador militar da praza seguindo as instrucións do capitán xeneral de Galicia, o marqués de la Romana (Estrada Catoyra 1978).

Curiosamente, o relato que vai ter máis fortuna historiográfica inicial, grazas ao conde de Toreno, será escrito por alguén que non estivo presente nos acontecementos. García del Barrio, un dos comisionados da Junta Central, ataca furiosamente a Cachamuíña, a quen alcuma de inepto, salva a Morillo, e vai enaltecer o papel de Cayetano Parada y Pérez de Limia, alcalde do Frago, ignorado polos outros relatos, e do abade de Valadares, en detrimento de Tenreiro; finalmente, asenta unha frase tópica que logo será repetida con insistencia “no hubo ingenieros ni artilleros; ningún general mandó esta empresa, conseguida por ser uno el voto de todos” (García del Barrio 1811, p. 53).

7 Joaquín Tenreiro Montenegro. *Caballero jurisdiccional de varios cotos y lugares de Galicia. Expediente de sus servicios en varios lugares del reino de Galicia: Juntas de Santiago y Tuy, toma de Vigo... 1809-05-19*. Sevilla. Archivo Histórico Nacional (A.H.N.) Estado, 77, C, 166.

8 Pablo Morillo “reconquistou” Vigo dúas veces. A primeira, contra os franceses, o 28 de marzo de 1809. A segunda, cos franceses, o 3 de agosto de 1823.

9 *Memorial de Francisco Javier Vázquez Varela sobre la Reconquista de la Villa de Vigo y el valeroso esfuerzo de sus naturales*. AMV. Leg. EJE 8, Guerra de la Independencia. Reconquista de Vigo, 1808-1809.

Nas décadas que seguiron, a conmemoración non mudou de xeito substancial. O cronista oficial vigués, o republicano Rodríguez Elías (1916, p. 195), deixa anotado o especial realce que tivo a celebración en 1833 co gallo da presenza na ría de varios buques de guerra españois e un inglés, fondeados na badía por mor da guerra civil portuguesa.

O PERÍODO ISABELINO E O SEXENIO REVOLUCIONARIO

A mediados do século XIX a celebración decorría polos mesmos vieiros. A función relixiosa tiña lugar nun dos días da Pascua inmediata cando cadraba o 28 de marzo coa Semana Maior (Taboada Leal 1840, p. 201).¹⁰ Ás veces mesmo cun mes de demora, como en 1854, cando se efectuou o 23 de abril. *Faro de Vigo*, que tiña daquela apenas seis meses de vida e, xa que logo, asistía ao primeiro aniversario da Reconquista, dedicoulle un monográfico que comezaba co Real Decreto de concesión do título de cidade á vila de Vigo e proseguía cun relato dos feitos, desde a incorporación dos mozos ao rexemento de León en 1808 ata a vitoria de Ponte Sampaio. Continuaba cunha serie de poemas patrióticos e unha escolma de documentos sobre o sitio e os días posteriores á partida dos franceses. Este relato é completamente debedor da análise histórica e certificada que encargou elaborar o Concello de Vigo (Yáñez e López 1976, p. 3), en cumprimento da Real Orde do Ministerio da Guerra de 5 de xaneiro de 1853, ditada para que se lle remitisen todos os documentos relacionados coa guerra da Independencia do ano 1809. O texto correspóndese, en gran parte, co relato de Vázquez Varela e converteuse na versión canónica oficial das última décadas (Lalo e Bofill 1976) e da propia representación actual, coas licenzas artísticas e culturais propias da nosa época.

En pleno bienio progresista, o Concello seguía celebrando a misa solemne e a procesión do Cristo da Vitoria era moi concorrida grazas á abundante presenza de xentes vidas das aldeas da bisbarra. A misa incluía un sermón a cargo dun destacado orador sagrado, e o xornal *La Oliva*, que dirixía o provincialista e republicano Juan Compañel, laiábase, despois de defender o carácter cívico da función, de que non

¹⁰ *Faro de Vigo*. 23/IV/1854, pp. 1-4.

se salpicase con ideas liberales propias de la época en que vivimos [...] se dirige a un auditorio que tiene dos páginas brillantes en la historia de los pueblos libres, y que siente que estas se olviden en ciertos días.¹¹

Coincidiendo co cincuentenario, o 28 de marzo de 1859 plantouse o fillo da oliveira orixinaria que había na colexiata e do que un particular reco-llera un esgallo en 1800 (G.C.R. 1960). Porén, a meteoroloxía non sempre era propicia. En vista diso, o Concello acordou mudar de data na edición de 1866 levándoa para un máis calmo primeiro domingo de xuño.¹² O cambio de data non foi óbice para que se seguise celebrando a misa de acción de grazas o 28 de marzo, nos anos sucesivos e nas décadas seguintes.

A instauración da monarquía savoiana en xaneiro de 1871 fai que os republicanos federais aproveiten o aniversario para chamar á loita contra o “usurpador”.¹³

Liberal pueblo de Vigo; acuerdate que siempre fuiste de los primeros en la pelea cuando se trató de atacar la libertad, que es tu vida; hoy toca a tus puertas la Democracia, virgen pura que cariñosa enjuagará tus lágrimas... No permitas no, que los manes de nuestros mayores, vengan a recordarnos la obligacion en que estamos de defender nuestras familias y nuestros hogares, de la atrevida mano de extrangeros usurpadores. Pueblo querido; liberal pueblo de Vigo, que tus hijos todos, cual si fuera uno solo, se unan siempre para decir como los mártires de la Independencia española. ESPAÑA PARA LOS ESPAÑOLES. *La Redacción.*

A RESTAURACIÓN AFONSINA

Sen dúbida, os primeiros anos da Restauración déronlle pulo á conmemoración e son a súa época dourada. O Concello procuraba velar polo decoro dos fastos a través de bandos nos que solicitaba dos veciños a iluminación dos balcóns e fiestras das súas casas na noite de vésperas e o engalanado de colgaduras durante todo o domingo, así como o despexado das beirarrúas e unha limpeza axeitada das mesmas. O aniversario ocupa as portadas

11 *La Oliva: periódico de política, literatura e intereses materiales.* 2/IV/1856, p. 2.

12 “Pues marzo es un mes de tiempo muy variable, y aun demasiado fresco para arrancar de su casa á esas gentes que van de unas fiestas á otras con motivo de devoción ó solaz”. *Faro de Vigo.* 28/III/1883, p. 2.

13 *El Obrero. Periódico republicano federal.* 28/III/1871, p. 1.

dos xornais entre 1875 e 1886, con algunhas excepcións. Na primeira data, cunha secuencia de loas a España —“la que postró al águila dominadora”—, a Galicia —que tivo a “gloria de iniciar la reconquista de la Península”— e a Vigo —“la primera ciudad en ser reconquistada al francés en España” (Vesteiro 1875). Cántanse o valor dos homes e as pregarias das mulleres, dos nenos e dos anciáns ao deus das vitorias (Taboada Fernández 1876), seguindo o relato redactado en 1853 desde o Concello.

Porén, o paso do tempo diminuíra moito o ardor guerreiro e a saña contra o francés:¹⁴

Hay coincidencias que no se las explica nadie por mucho que se discurre; una de estas, fue la de que, mientras los boteros saludaban desde el muelle la salida de los franceses de nuestro puerto en Marzo de 1809, el ruido de las dinamitas llamaban a los franceses de 1878, que abordaban a nuestra ría en la fragata-escuela Flora... y no era la Flora sola, que a poco rato entraba también a todo vapor, el yath de recreo San Miguel, a cuyo bordo venía Mr. Julio Verne... Compaginen ustedes las peripecias de la vida, y díganme el efecto del cuadro que exhibía Vigo, engalanada como de fiesta al fin, por su reconquista del poder de los franceses, y el que presentaba un buque de esta nación, saludando á la plaza en premio del cariño que se profesan España y Francia.

Isto non supuña non agasallar os vencedores. Así, no 75^o aniversario (1884) nun lugar central da colexiata, na cerimonia da misa solemne do domingo, estaba un trofeo alegórico aos heroes da reconquista cun escudo coroadado polo pavillóns de España, Portugal e Inglaterra.¹⁵

A meteoroloxía que xa fixera mudar de data a festividade, volveu inclinar o Concello a unha nova muda, nesta ocasión cara ao primeiro domingo de agosto, para facela coincidir coas festas patronais da Virxe da Asunción. Non foi sen a oposición do *Faro de Vigo*, que temía que os bañistas, que chegaban desde os primeiros do verán, adiasen a súa visita para facela coincidir co “mes de las fiestas”.¹⁶

Un dos aspectos máis significativos do período afonsino é o incremento do perfil cívico e festivo da conmemoración sen mingua da escenografía relixiosa. En 1878 o redactor de *La Concordia* resalta que “en la carrera que

14 *La Concordia. Diario de Vigo*. 4/VI/1878, p. 2.

15 *Faro de Vigo*. 5/VIII/1884, p. 2.

16 *Faro de Vigo*. 28/III/1883, p. 2.

desde el Placer seguía hasta el paseo, vi en segundo término un arco, dedicatoria del ilustre ayuntamiento a los héroes de 1809”.¹⁷ O propio cronista oficial Nicolás Taboada Fernández (1891, p. 16) deixará constancia de que sempre se lles rendía unha homenaxe de gratitude e admiración aos heroes da Reconquista inscribindo o seu nome en grandes carteis pendurados dos piares da colexiata.

O perfil anovado vai xerar unha paulatina separación de espazos. Basicamente haberá tres ámbitos: aqueles que van ser reservados para as elites, aqueles con forte presenza popular, e os compartidos.

Entre os primeiros destacan o Casino de Vigo e a súa escisión, máis selecta aínda, a Tertulia Recreativa (Martínez Alonso 2013), o Liceo, o Recreo Artístico e o Gimnasio (González Fernández 2024, pp. 50-53). Durante as celebracións tiñan lugar nos seus salóns concertos e bailes de pompa, así como a lectura de poemas feitos para a ocasión e mesmo algunha representación teatral, normalmente nos últimos días do evento. Ao baile da Tertulia de 1878 asistirá Jules Verne.¹⁸ Tamén acollían as boas familias vigueas o patio e os palcos do Teatro, inaugurado no seu día polo comerciante Norberto Velázquez Moreno e xa moi deteriorado, que ofrecía función de zarzuela ou doutras pezas na noite do domingo, ao rematar a procesión. Desde 1880, na mañá do luns, vai destacar o certame literario-musical, os primeiros xogos florais da cidade, organizados polo Liceo de Vigo, con premios ofrecidos por diferentes sociedades, polos xornais *Faro de Vigo* e *La Concordia*, polo Concello e por particulares. Entre os premios non faltaban seccións de poemas á reconquista e a Méndez Núñez, así como seccións destinadas a ensaios sobre melloras da cidade e da súa economía.¹⁹ Pouco despois, o teatro-circo Tamberlick ía converterse no fogar do certame literario-musical, que en 1883 contou coa presidencia de honra de Emilio Castelar,²⁰ e en escenario para óperas nos últimos días das festas.

Entre os ámbitos populares, amén dos pasarrúas que acompañaban os xigantes e cabezudos,²¹ estaban o Campo de Granada e as abas do monte do Castro que acollían o sábado pola noite unha morea de paisanos que

17 *La Concordia. Diario de Vigo*. 4/VI/1878, p. 3.

18 Polo serán dera un paseo pola verbena da Alameda e no baile fixo varios brindes en español contestados polo presidente da sociedade, Manuel Bárcena. *Faro de Vigo*. 4/VI/1878, p. 2. O cronista deixa constancia de que se retirou ás dúas da madrugada. *La Concordia. Diario de Vigo*. 4/VI/1878, p. 3.

19 *Faro de Vigo*. 8/VI/1880, p. 2

20 *Faro de Vigo*. 8/VIII/1903, p. 2.

21 En 1884 a banda militar percorreu as rúas que ocuparon os franceses e a municipal as que deron acougo aos que protagonizaron o sitio. *Faro de Vigo*. 3/VIII/1884, p. 2.

ceaban ao aire libre,²² sen que faltasen “rosquillas de Ribadavia, empanadas de ollo-mol, sus correspondientes pipas de vino, la gaita del país para los del aturuxo...”,²³ nin a abundancia de foguetes e queima de árbores e fachadas pirotécnicas. Xa para a altura de 1880, a verbena sabatina facíase na Alameda e no recheo próximo, abandonando a parte alta da cidade, xa que o Campo de Granada ficaba reservado para unha feira de gando, na mañá do luns, con premios para os mellores exemplares.²⁴

O máis importante dos espazos compartidos era o da procesión, no serán do domingo. A comitiva desde a igrexa enfilaba pola Campucha (hoxe Méndez Núñez), saía á praza da Constitución para baixar pola Imperial (hoxe Joaquín Yáñez) e acceder ao ensanche pola rúa da Vitoria e subir polo Ramal (hoxe Colón), para pasar pola rúa do Príncipe²⁵ e volver entrar pola Porta do Sol. Encabezaban o cortexo soldados de cabalería que ían abrindo paso, viñan logo os estandartes, incluídas as bandeiras das alarmas do Val do Fragoso levadas polos descendentes dos que as portaran en 1809, e a efíxie escoltada polo corpo de artillería, a banda de música, o clero parroquial, as corporacións de autoridades civís e militares e os fieis. Desde 1875, por orde municipal, as mulleres portadoras de candeas marchaban pola dereita e os homes pola esquerda.²⁶ O gremio de barqueiros do porto encargábase de darlle maior solemnidade ao acontecemento con sete salvas de 21 morteiros. Ao paso pola Porta do Sol queimaban unha fachada de fogos de cor e, ao volver o Cristo á colexiata tirábanse fogos de campamento.²⁷

A instalación en Vigo do rexemento Murcia 37, en 1897, fixo que a partir do ano seguinte se celebrase un desfile militar ao finalizar a misa de campaña, que primeiro tiña lugar na mañanciña do domingo e logo pasou á do luns.²⁸ Na edición de 1894, a retreta militar, que se viña facendo desde 1890 percorrendo as rúas da cidade, incluía unha carroza cun castelo, bandeiras e trofeos militares, e nos costados os nomes de Almeida, Morillo, o abade de Valadares, Vázquez Varela, Cachamuíña, Colombo, Villavicencio e Abeleira.²⁹ En 1898, “año tan fecundo en desastres para nuestra

22 O cronista do *Faro de Vigo* dá a cifra de 10000 persoas. 8/VI/1875, p. 1.

23 *La Concordia. Diario de Vigo*. 4/VI/1878, p. 3.

24 *Faro de Vigo*. 8/VI/1880, p. 1.

25 En 1880 foi moi comentado o foco de luz eléctrica traído de París polo deputado provincial López de Neira e que desde o balcón da súa casa no Príncipe iluminaba o paso da efíxie por aquela rúa. *Faro de Vigo*. 8/VI/1880, p. 2. A festa servía para amosar os progresos materiais da cidade.

26 *Faro de Vigo*. 5/VI/1875, p. 3.

27 *La Concordia. Diario de Vigo*. 3/VI/1875, p. 2.

28 *Faro de Vigo*. 5/VIII/1898, p. 3.

29 *Faro de Vigo*. 7/VIII/1894, p. 2.

desdichada patria”, as festas só duraron dous días; sábado, único con verbena, e domingo ata o final da procesión.³⁰ Tamén desaparecen do programa dos festexos a misa de campaña e o desfile militar.

Un segundo espazo compartido era o campo de regatas (Villaverde Román 2002), se ben uns quedaban no peirao e outros subían a lanchas e vapores. Iso si, todos desfrutaban da música de bandas, porque unha ía no vapor e outra ficaba en terra. Na tardiña do luns, as xentes seguían a competición dos remeiros das sociedades recreativas e tamén competicións de faluchos. O común quedaba despois á verbena na Alameda.³¹ Desde 1880 engadiuse, promocionado pola sociedade do Gimnasio, o xogo da cucaña nas explanadas do recheo, tanto marítimas, co pau en horizontal, coma terrestres, en vertical.

O PRIMEIRO CENTENARIO

Nos anos inmediatamente anteriores as festas tiveran unha gran decaída. De feito, quedaran reducidas ás vésperas e ao primeiro domingo de agosto e remataban coa procesión.³² Mesmo desde 1886 a portada do *Faro de Vigo* apenas ofrecía unha breve nota ou un poema sobre 1809, e desde 1899 nada; só se falaba dun programa de festas vido a menos e con menos días. Porén, en 1907 o programa ampliouse cunha competición de atletismo para sufragar o peche do campo de fútbol feito no recheo e co estreo, na praza da Constitución, do “Himno a Vigo”, composto por Reveriano Soutullo e coa letra de Pío Lino Cuíñas, cantado polos orfeóns e polos nenos dos colexios da cidade.³³

O primeiro centenario, inmerso no intento de revitalizar os ardores patrios danados pola perda dos restos do imperio ultramarino coas glorias da guerra do francés (Núñez e Iglesias 2009, pp. 328-329), vai ter varias lecturas. En clave local destaca o orgullo polo moito que medrou a cidade na centuria. Déixao claro o redactor xefe do *Faro de Vigo*, Ángel Bernárdez Rodríguez (1909), cando pon en boca dos seus amigos visitantes que contemplaban

30 *Faro de Vigo*. 7/VIII/1898, p.3.

31 *Faro de Vigo*. 8/VI/1875, p. 2.

32 *Faro de Vigo*. 7/VIII/1906, p. 1. O mesmo xornal dirá “Comenzaron ayer [...] unas cosas que la Comisión de Festejos llama Fiestas de la Reconquista”, e por primeira vez en moitos anos non saíron as bandeiras da Reconquista na procesión. *Faro de Vigo*. 2/VIII/1908, p. 1.

33 *Faro de Vigo*. 6/VIII/1907, p. 1.

a cidade desde as abas do Castro: “¡Pero, esto es todo nuevo!”.³⁴ A cidade con máis xornais de Galicia, segundo afirma o redactor, a cidade novísima, rica e anglófila que apostilará anos despois Azaña (Villares 2004, p. 348) vai apostar, firme, pola apertura ao mundo, en plena expansión das industrias pesqueiras.

En clave de representación, refórzase o carácter cívico-relixioso dos fastos. En efecto, logo de asistir á misa solemne, tivo lugar unha procesión cívica desde a praza da Constitución ata a Porta de Gamboa para descubrir a lápida conmemorativa na honra dos heroes. A orde protocolaria resulta interesante: abre unha sección da Garda Civil a cabalo; o gremio dos barqueiros, tan vinculados ao Cristo, encabeza; os escolantes do rural e da urbe van diante; as sociedades obreiras, a música municipal, os orfeóns, as sociedades recreativas, os funcionarios, o corpo consular; os xefes e oficiais; as autoridades: os párrocos, o Concello, os deputados provinciais, o xefe militar e o da mariña, os cónsules inglés e portugués. Pecha a banda do Rexemento de Murcia. Tamén se pensara en invitar o xefe da escuadra inglesa ancorada na badía, pero as ordenanzas da Royal Navy impedírono.³⁵ Cómpre salientar que a lápida é impersoal. Non menciona ninguén e menciona todos os heroes, insignes e humildes, homes e mulleres.

En clave memorial, o rueiro da cidade fórase poboando de referencias aos feitos de 1809. A rúa da Vitoria inaugurou o recoñecemento, xusto á saída da Porta da Gamboa, cerne da reconquista. Moitos anos despois, en 1880, será a quenda do coronel Morillo. En 1882 dábaselle o nome de Reconquista a unha perpendicular á da Vitoria. O comandante militar que rendeu a praza, o vello fidalgo Juan de Villavicencio, tiña praza de antigo.³⁶ En 1894 réndeselle tributo ao tenente portugués Almeida renomeando a praza das Cebolas. Nese mesmo ano tamén se lle dá rúa ao procurador Abeleira Menéndez. Co gallo do centenario vai ter rúa propia o alcalde Vázquez Varela. O capitán Cachamuíña, gobernador militar logo da recuperación da praza, terá que agardar ata 1916. Cayetano Pérez de Limia ata a democracia para ser honrado con rúa en Bouzas, ao igual que as súas parentes, as irmás María da Aurora e Xosefa Reyes.³⁷ O primeiro conde de

34 Infelizmente, a perda da colección de *La Concordia* impide comentar o extraordinario que publicou o 27 de marzo de 1909. Constaba de 20 páxinas en papel estucado, con “magníficos fotograbados y dibujos”. *Faro de Vigo*. 30/III/1909, p.2.

35 *Faro de Vigo*. 28/III/1909, p. 3.

36 Un caso único de heroe que perdeu a praza a el dedicada. En 1981 pasou a chamarse *praza da Pedra*.

37 En 2016 reparouse o erro de tradución cometido ao designar a rúa como *dos Reis*, en 1985. *Atlántico Diario*. 8/III/2016.

Vigo, Joaquín Tenreiro Montenegro, e Juan Rosendo Arias Enríquez, abade de Valadares, nunca chegaron a ter rúa ou praza.

Mención especial merece a memoria escultórica. O primeiro monumento conmemorativo construíuse sobre a fonte pública da praza da Princesa, cunha torre de castelo como símbolo da cidade e un anxo neno coroando o conxunto. Rodríguez Elías (1916, p. 135) escribe que fora construído “hace muchos años”. Desde logo, ese monumento xa existía nas últimas décadas do século XIX, aínda que non consta cerimonia algunha sobre el ao longo do tempo.³⁸ Trátase dunha homenaxe comunal ao triunfo da cidade que contrasta coa inclinación pola estatuaría individual predominante en toda Europa na segunda metade do dezanove, pero que entronca coa lápida instalada na rúa da Vitoria. Porén, o Concello, na súa sesión do 29 de maio de 1909, acordou erixir un novo monumento no que debería figurar en lugar preeminente Morillo, sen prexuízo de que o acompañasen outros patriotas destacados naquela xornada.³⁹ O escultor Julio González-Pola, que xa fixera o mausoleo aos repatriados de Cuba no cemiterio de Pereiró, foi rapidamente encargado, aproveitando que andaba por Pontevedra para facer o monumento aos heroes de Ponte Sampaio, tamén con Morillo como figura central. O de Pontevedra tivo mellores padriños e inaugurouse o 27 de agosto de 1911. O de Vigo terá que agardar 38 anos.

O esmorecer das festas que se viña producindo fixo dar un paso ás forzas vivas que, animadas desde o Concello, crearon a Asociación Popular de Vigo⁴⁰ para anovalas e darlles pulo. En febreiro de 1911, as autoridades municipais, as sociedades recreativas, os empresarios, os gremios e os xornais integraron esa Asociación.⁴¹ O impulso sería evidente nos anos seguintes. O novo actor quixo contribuír á memoria da Reconquista cunha medalla conmemorativa que foi declarada condecoración oficial por Real Decreto de 2 de xuño de 1914. Era un recoñecemento para os descendentes dos heroes e para os que se distinguiran na preservación e honra daqueles días. A Asociación proporía os nomes e o presidente do Consello de Ministros habíaas conceder (Álvarez Blázquez 1960, p. 323). Tamén colleu o relevo

38 Hai un debuxo do monumento no *The Illustrated Sporting and Dramatic News* de 1885. <https://www.vigoe.es/vigo/mas-vigo/las-aguadoras-de-la-fuente-del-angelote/>

39 *Faro de Vigo*. 1/VII/1909, p. 1.

40 Esta asociación promoveu a celebración do Día de Galicia, o 13 de agosto de 1916, cunha romaría enxebre dedicada a San Paio “fillo da nosa terra” no pazo da Pastora. Os organizadores rogaban “que cantos sepan falar galego, esquenzan durante o Día de Galicia calquer outra lingua”. *Festas d'agosto o Día de Galicia: programa y outras espricions*. <https://biblioteca.galicianana.gal/gl/consulta/registro.cmd?id=5426>

41 *Faro de Vigo*. 26/II/1911, p. 1.

para facer realidade o monumento acordado polo Concello en 1909, pero non pasou da primeira pedra en 1915 e a posterior construción do pedestal na praza de Villavicencio.⁴²

OS TEMPOS REPUBLICANOS

A proclamación da II República foi época de mudanza. A nova constitución instauraba un Estado laico. O aniversario da Reconquista, que nos últimos anos quedaba reducido ao aspecto relixioso, cunha actividade cívica moi minguada, tiña que verse afectado. A polarización ideolóxica en relación coa misa solemne e a posterior procesión do Cristo reflíctese na prensa. No *Faro de Vigo* dásele relevo, na portada e na contraportada. Saliéntase que se trata dunha tradición inveterada que une pasado, presente e futuro no mellor ronsel maurrasiano; vincúlase con 1809; deféndese o carácter católico de Vigo; únese este carácter co progreso material da cidade.⁴³ En *El Pueblo Gallego* dedícaselle un espazo menor. Recoñécese o arraigo do evento na cidadanía viguesa, pero sen vinculala con 1809 nin co futuro vigués; desátase a orde coa que todo transcorre.⁴⁴

Para os actos espirituais o ano 1931 foi o máis crítico. A chegada da República, trouxo consigo unha disposición governamental que establecía a non concorrencia das autoridades públicas ás procesións, polo que en agosto o Concello estivo ausente na comitiva e tampouco houbo a consabida iluminación.⁴⁵ Nos días previos circularon rumores sobre posibles altercados, por iso *Faro de Vigo* insistía en que os asistentes permanecesen nos seus postos “con completa tranquilidade”, porque “Sabemos que las autoridades se hallan dispuestas a reprimir en el acto cualquiera clase de irreverencia”.⁴⁶ Aínda que o xornal agardaba que tal cousa non acontecese nunha cidade de ascendencia liberal. O caso é que houbo pequenos problemas porque os tranvías non tiñan orde de parar ao paso dos fieis, ata que a Garda Civil impediu o seu paso, e un mozo tirou un fardelo cun rato dentro cando pasaba o Cristo pola praza da República, sendo apadumado e logo detido.⁴⁷ Houbo un descenso no número de mulleres asistentes e unha forte presenza

42 *El Pueblo Gallego*. 5/VIII/1928, p. 26.

43 *Faro de Vigo*. 9/VIII/1932, p. 12; 5/VIII/1934, p. 1; 6/VIII/1935, p. 12.

44 *El Pueblo Gallego*. 8/VIII/1933, p. 4; 6/VIII/1935, p. 2.

45 *El Pueblo Gallego*. 4/VIII/1931, p. 8.

46 *Faro de Vigo*. 2/VIII/1931, p. 12.

47 Resulta interesante ver o xeito de recollerse o feito nos dous xornais vigueses: “El público se arrojó inmediatamente sobre dicho individuo que estuvo a punto de ser linchado” *Faro de Vigo*.

de veciños do Porto, chegados no tren con dúas bandas de música para asistir á procesión e a un partido de fútbol entre o Celta e o FC Porto. Nos anos sucesivos todo transcorreu con normalidade, coa ausencia do Concello pero co retorno dos militares, aínda que só a través da súa banda de tambores e cornetas, en 1935.⁴⁸

O deslinde entre o cívico e o relixioso non sempre vai ser doado. As xentes de esquerda vano procurar, as de dereitas non tanto. En todo caso, hai unha revitalización dos eventos cívicos, mesmo antes do cambio de réxime. A efeméride, en marzo de 1931, celebrouse cun banquete de afirmación viguesa ao que asistiu o máis selecto da burguesía (Alonso, Bárcena, Pereira, Tapias, Fábregas, Curty, Reguenga, Borrajo, Lorenzo, del Río, Posada, Núñez etc.), os irmáns Gómez Román, os xornalistas Jaime Solá e Manuel Fernández Lema, o secretario municipal Baliño Ledo ou o daquela pouco coñecido oficial Antonio Carreró. Mandóuselle un telegrama ao ausente Eijo Garay e acordouse propórllas ás autoridades que o 28 de marzo pasase a ser o Día de Vigo e erguer un monumento máis espléndido que o proxectado, para o que se nomeou unha comisión cos arquitectos Jenaro de la Fuente Álvarez e Manuel Gómez Román, o pintor e debuxante Benigno Pereira Borrajo e o secretario municipal Juan Baliño Ledo.⁴⁹

O banquete volveu repetirse en marzo de 1932, no hotel Moderno. Agora, aproveitando as flores que adornaban o salón, leváronse ramos ao monumento de Méndez Núñez, ao Cristo e á oliveira, onde moitos dos presentes prestaron xuramento de defender Vigo, pondo a man sobre o seu tronco.⁵⁰ Dous meses despois, os participantes no banquete fundaban a asociación Centro de Hijos de Vigo, o 31 de maio,⁵¹ onde van figurar sobre todo homes do ámbito conservador, non sempre republicanos. Esta será a encargada de organizar o programa civil da conmemoración nos anos seguintes. Recupérase o desfile de xigantes e cabezudos do sábado e as regatas do luns e mantense o banquete do 28 de marzo, alcumado de fraternidade viguesa, coas visitas á estatua de Méndez Núñez, ao Cristo e á oliveira.⁵² Engadírase un baile no serán nun novo espazo, o parque da Barxa.⁵³

4/VIII/1931, p. 12. "El muchacho resultase agredido por una turba de fanáticos y fanáticas, a quienes aplaudían otros de su especie desde los balcones". *El Pueblo Gallego*. 4/VIII/1931, p. 8.

48 *Faro de Vigo*. 6/VIII/1935, p. 12.

49 *Faro de Vigo*. 29/III/1931, p. 1.

50 *Faro de Vigo*. 29/III/1932, p. 6.

51 *Faro de Vigo*. 1/VI/1932, p. 5. En abril de 1960 mudaría o nome polo de Centro Vigués. *Anuario de Vigo*. 1959-1960, 21, p. 71.

52 *El Pueblo Gallego*. 29/III/1934, p. 8.

53 *El Pueblo Gallego*. 28/III/1935, p. 3.

O máis sonado de todos os eventos de celebración da Reconquista de Vigo nos tempos republicanos foi o traslado dos restos mortais de Cachamuíña ata o mausoleo construído no cemiterio de Pereiró. Tivo lugar o 9 de agosto de 1932 e foi protagonizado polo Centro de Hijos de Vigo. Xustamente a mestura de actos relixiosos e cívicos que os organizadores impoñen, aducindo disposicións testamentarias do homenaxeado e a imposición dos seus descendentes para aceptar o traslado, provoca a ausencia de representación oficial do Concello e do Goberno Civil (Estévez Rodríguez 1997, p. 77). A prensa só recolle a adhesión dun grupo político: a Unión Regional de Derechas. A procesión cívica tivo dúas paradas estelares: a Porta de Gamboa, onde se reconstruíu para a ocasión a porta da muralla, e a oliveira, onde se lle renderon honores militares decretados polo ministro de Guerra, Azaña.⁵⁴ O mausoleo de Pereiró será lugar de memoria para que o Centro de Hijos de Vigo deposite alí un coroa de flores o 28 de marzo,⁵⁵ como tamén o será o osario no que repousan as cinzas dos heroes anónimos daquel día. Cachamuíña desprazaba así a Morillo como figura central. Concordaba máis co momento de efervescencia do sentir galego, que se ía plasmar en decembro coa aprobación do proxecto de Estatuto de Autonomía pola asemblea de municipios.

En 1933 o homenaxeado será o tenente Almeida. O Centro colocará unha placa na praza que levaba o nome do militar portugués coincidindo coa semana hispano-portuguesa que se estaba a celebrar na cidade.⁵⁶ En 1936 serán os indianos e filántropos Policarpo Sanz e Martín Echegaray quen reciban a homenaxe.⁵⁷ Desde 1935, o cabodano da Reconquista era oficialmente o Día de Vigo, a proposta do Centro e aceptación do Concello.

A LONGA NOITE FRANQUISTA

En agosto de 1936, tras o golpe de Estado, non se celebrou por “razones justificadísimas” a procesión do Cristo para conmemorar solemnemente “la gesta local de la libertad [...] la epopeya gloriosa de la Puerta de la Gamboa”.⁵⁸ Ao seguinte, volveu a tradición aproveitando para pedirlle a vitoria das

54 *El Pueblo Gallego*. 10/III/1932, p. 8.

55 *El Pueblo Gallego*. 28/III/1936, p. 2.

56 *Faro de Vigo*. 28/III/1933, p. 12.

57 *El Pueblo Gallego*. 28/III/1936, p. 2.

58 *Faro de Vigo*. 2/VIII/1936, p. 1.

armas de España e da Falanxe.⁵⁹ Desde 1951 quedou establecido o costume da ofrenda da cidade ao Cristo, no transcurso da misa solemne do primeiro domingo de agosto.⁶⁰ O franquismo vai soldar aínda máis o cabodano bélico da manifestación ao concederlle ao Cristo honores de capitán xeneral con mando en praza, en 1957.⁶¹ Ao ano seguinte, imporánselle a correspondente faixa e as insignias propias do emprego.⁶²

A guerra era un bo escenario para reivindicar as fazañas bélicas pasadas e reclamar prebendas. Así o fará o xornalista vigués Fernández Serra (1937) lembrando “nuestra victoria racial contra los soldados de Bonaparte” e “nuestro Méndez Núñez”, para demandar que “cuando en el mañana se haga la nueva división geográfica que a un nuevo Estado corresponde, Vigo [...] no siga siendo considerada como una villa sin importancia”, nunha nada velada alusión á capitalidade perdida.

A afirmación viguesa que desde o seu nacemento promoveu o Centro de Hijos de Vigo vai ter un forte desenvolvemento durante a ditadura. De feito, pódese dicir que a conmemoración da Reconquista se vai desligar das festas do Cristo e cobrar vida propia, arredor da data do 28 de marzo. O día pasa a ser festa local. Desde 1952, o banquete de fraternidade será o escenario do que poderíamos chamar “debate do estado do Concello”. En efecto, había un discurso do presidente do Centro coas reivindicacións viguesas e unha resposta do alcalde sinalando o feito no último ano e o por facer. Co gallo do 150 aniversario, o *Faro de Vigo* dedica unha páxina enteira a glosar “Ayer, hoy y mañana. Recuerdo, loa y esperanza de Vigo” no que un dos fundadores do Centro de Hijos de Vigo, Gerardo Campos (1959), rescata a figura de María da Aurora, e un maxistrado, un enxeñeiro e un arquitecto disertan sobre o presente e o futuro de Vigo desde o punto de vista intelectual, industrial e urbanístico.⁶³ A partir de 1966 vaise aproveitar a efeméride para inaugurar toda unha serie de obras realizadas polo Concello.

A festa cívico-relixiosa do 28 de marzo, porque a misa solemne segue tendo un lugar central, continúa a ser organizada polo Centro. Mantéñense as ofrendas florais ao Cristo, a Méndez Núñez, á oliveira, ao osario comunal e a Cachamuíña, pero incorporando agora a Carreró.⁶⁴ Estes dous últimos personaxes servían para unir as tres reconquistas que glosaba o crego

59 *El Pueblo Gallego*. 1/VIII/1937, p. 2.

60 *El Pueblo Gallego*. 7/VIII/1956, p. 3.

61 *El Pueblo Gallego*. 6/VIII/1957, p. 5.

62 *El Pueblo Gallego*. 5/VIII/1958, p. 3.

63 *Faro de Vigo*. 29/III/1959, p. 3.

64 *El Pueblo Gallego*. 29/III/1938, p. 4.

Muñíos González (1936): contra os musulmáns, contra os gabachos e contra os moscovitas. Ou o que os vencedores, como Enrique Lagasca (1939), sinalaban como as dúas independencias:

Era el ideal de España el que inspiraba el soberano esfuerzo que tan rotundo éxito alcanzó, eran los principios de Religión y Patria [...] Al cabo de 130 años el mismo altísimo y depurado ideal inflamó las almas [...] cuando hordas extranjeras hollaron el solar nacional.

Porén, desde 1942 Carreró deixa de recibir homenaxe individual. Nos anos seguintes incorpóranse as homenaxes de coroas nas lápidas aos heroes da Porta de Gamboa e ao tenente Almeida, que vai cobrar un especial relevo coa participación activa do cónsul portugués tanto diante da lápida coma no xantar de fraternidade.⁶⁵ Restáurase o costume de abrir a festa co desfile de xigantes e cabezudos. Por fin, o 3 de agosto de 1947 quedou inaugurado, na praza de España,⁶⁶ o monumento aos heroes da Reconquista, acordado en 1909.⁶⁷ A partir de entón, convértese nun novo lugar de memoria no que o Centro de Hijos de Vigo deposita unha coroa.

Na edición de 1963 quedou instituído o Premio Reconquista, outorgado á Coral Casablanca.⁶⁸ No último ano de vida do ditador, o Centro, agora chamado Vigués, seguiu patrocinando o evento, se ben reducindo as coroas a Cachamuíña e a Almeida, coa presenza do cónsul, a misa e o xantar.⁶⁹ Ao ano seguinte, en 1976, o Concello tomou o relevo do Centro como organizador do aniversario, mantendo misa, homenaxe a Almeida e xantar, coa novidade de que se fixo unha tribuna pública para que os veciños formula-sen preguntas sobre o estado da cidade e o alcalde as respondese.⁷⁰

65 No acto de colocación da coroa na lápida de Almeida, pronunciaban discursos o presidente do Centro e o cónsul portugués que eran reproducidos na prensa local. *Faro de Vigo*. 29/III/1946, p. 4.

66 Non será ata 1966 cando se traslade á praza da Independencia.

67 *Faro de Vigo*. 5/VIII/1947, p. 1. Unha pormenorizada e novelada reconstrución das vicisitudes seguidas polo monumento en Collado (1946).

68 *El Pueblo Gallego*. 29/III/1963, p. 5.

69 *Faro de Vigo*. 30/III/1975, p. 15.

70 *El Pueblo Gallego*. 30/III/1976, p. 15. O representante veciñal de Beade pediu permiso para falar en galego, sendo moi aplaudido pola concorrencia segundo o cronista e merecendo que o alcalde tamén lle respondese nesa lingua.

A ALBORADA DEMOCRÁTICA

O primeiro Concello elixido polo sufraxio popular, en 1979, cun alcalde socialista, trouxo pequenos cambios ao aniversario. Tiñan que ver coa lingua que emanaba das autoridades públicas e co recoñecemento a quen eran os verdadeiros heroes da xornada. A festa pasaba a ser un “ofrecemento da Corporación Municipal ao pobo vigués que foi o que singularmente se destacou naquela gloriosa data da Reconquista, e sigue a pular por Vigo”.⁷¹ Por primeira vez, en 1981 o himno galego engadiuse ao español e ao portugués no repertorio da Banda Municipal. O resto permanecía: a misa solemne, as coroas aos heroes da Porta de Gamboa e a Almeida, a Cachamuíña e ao osario comunal e, por suposto, ao monumento da praza da Independencia. Tamén seguen os Premios Reconquista, cada vez con máis categorías. En 1983 a reconversión do naval irrompe na celebración cos traballadores de Ascón e Vulcano asubiando o himno portugués na praza de Almeida, ao parecer sen saber que o era. Nese mesmo ano hai constancia dunha representación parateatral, na praza da Constitución, con alegorías á Reconquista e aos seus principais actores.⁷² Ao ano seguinte, talvez para controlar mellor posibles protestas, toda a parte cívica é levada á praza da Constitución, desde 1988 único escenario dos actos.⁷³ A festa de unidade en torno ao viguismo, como se recollía na prensa,⁷⁴ deu un paso máis nesa dirección coa creación dos galardóns aos Vigueuses Distinguidos, na edición de 1987, entregados nas vésperas xunto coa Medalla da Cidade.⁷⁵

CONCLUSIÓNS

A conmemoración da Reconquista de Vigo mestura na súa evolución secular tradicións realmente inventadas, como a institución da misa solemne de aniversario en 1810 ou a recreación teatral en 1997, con outras que van emerxendo e consolidándose con maior ou menor fortuna, como as ofrendas florais en determinados espazos ou eventos deportivos asociados ás festas (Hobsbawm 2002, pp. 7-8). A súa longa permanencia no tempo permítelle irse adaptando ás diferentes épocas e ás súas mudanzas culturais. Unha

71 *Faro de Vigo*. 28/III/1980, p. 16.

72 *Faro de Vigo*. 29/III/1983, p. 16.

73 *Faro de Vigo*. 29/III/1988, p. 8.

74 *Faro de Vigo*. 29/III/1984, p. 17.

75 *Faro de Vigo*. 29/III/1987, p. 8.

tradición que naceu con carácter cívico-relixioso, cun marcado predominio do segundo adxectivo, é hoxe unha lúdica manifestación cívica sen apenas pegada relixiosa. A misa solemne desapareceu da programación do 28 de marzo e a asociación da procesión do Cristo coa reconquista é cada vez máis difusa.

Unha tradición que arrinca dun Te Deum ofrecido non só pola reconquista da praza viguesa senón tamén pola vitoria de Ponte Sampaio, acabará sendo unha reivindicación, máis ou menos celebrada, segundo os momentos, de orgullo vigués. Mesmo ignorando totalmente o papel xogado polas xentes da ampla contorna nos días de autos.

A festa pasa por momentos de bonanza, como a restauración afonsina, o franquismo ou a actualidade, e outros máis escuros, como os posteriores ao desastre de 1898. Sendo certo que sempre se celebraba a misa solemne na data histórica, o Concello foi afastando a festividade para xuño e logo para agosto. O primeiro centenario supuxo o deslindamento da conmemoración. Marzo volve ser central no recordo da xesta e agosto vai derivando cara a unha festa patronal.

Os grandes mantedores do aniversario van cambiando. O Concello é actor único ata a Restauración, cando a sociedade civil cobra relevancia coas diferentes entidades recreativas. Co gallo do primeiro centenario xorde unha parcería público-privada a través da Asociación Popular de Vigo. O retraemento do Concello republicano vai deixar nas mans do Centro de Hijos de Vigo toda a organización do 28 de marzo, feito que se vai prolongar ao longo da ditadura franquista. Na etapa actual, é a Asociación Veciñal e Cultural do Casco Vello de Vigo quen rexe a conmemoración. A procesión do Cristo, desligada do Concello, depende en exclusiva das autoridades eclesiásticas e das confrarías relixiosas.

A fortuna dos protagonistas tamén é caprichosa. A primeira estatua erixida para exaltar a reconquista ten como heroína a cidade que reclama para si o triunfo. Non tivo ventura. Nunca foi un lugar de memoria que honrar. A lápida do primeiro centenario, con moita mellor sorte, tamén é comunal. Porén, a estatua acordada naquela mesma data enxalza a Morillo, quen xa tiña rúa propia. Un Cachamuña, relativamente secundario no recordo, brilla luminoso co rexionalismo conservador que o consagra como referente. Un Vázquez Varela, anónimo ata o centenario, convértese en líder da reconquista na recreación teatral grazas a canonización do relato oficial do Concello de 1853.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Acuña y Malvar, Manuel (1811). *Censura ó impugnación de los sucesos militares de Galicia en el año de 1809, que ha dado a luz en diciembre de 1811 el Coronel D. Manuel García del Barrio*. Cádiz: Imprenta de D. Manuel Santiago.
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1960). *La ciudad y los días. Calendario histórico de Vigo*. Vigo: Ediciones Monterrey.
- Bernárdez Rodríguez, Ángel (1909). Lo que fue Vigo y lo que es. *Faro de Vigo*. 28/III/1909, 1-2.
- Campos, Gerardo (1959). Figuras y hechos de la Reconquista de Vigo. *Faro de Vigo*. 29/III/1959, 3.
- Collado, Abel (1946). El Monumento a la Reconquista de Vigo. ¡Al fin...!. *Faro de Vigo*. 28/III/1946, 3.
- Demange, Christian (2004). *El Dos de Mayo. Mito y fiesta nacional (1808-1958)*. Madrid: Marcial Pons/CEPC.
- Estévez Rodríguez, Emilio (1997). El traslado a Vigo de los restos mortales de Cachamuña. *Glaucofis*. 3, 55-79.
- Estrada Catoyra, Félix (1978). *Reseña de la Reconquista de Vigo*. Vigo: Grafinsa.
- Fernández Serra, Fabriciano (1937). ¡¡Vigo!! *El Pueblo Gallego*. 28/III/1937, 10.
- G.C.R. (1960). ¿Por qué Vigo es la ciudad del olivo? *Anuario de Vigo*. 21, 48.
- García del Barrio, Manuel (1811). *Sucesos militares de Galicia en 1809 y operaciones en la presente guerra*. Cádiz: Vicente Lema.
- González Fernández, Juan Miguel (2024). Élite y clase media sociales en Vigo durante la primera Restauración (1875-1902). *Glaucofis*. 29, pp. 27-53.
- Hobsbawm, Eric (2002). Introducción: la invención de la tradición. En: Eric Hobsbawm e Terence Ranger, eds. *La invención de la tradición*. Barcelona: Crítica.
- Lagasca, Enrique (1939). 28 de marzo de 1809. Los héroes de Vigo. *Faro de Vigo*. 28/III/1939, 1.
- Lalo [Vázquez Gil] (guión) e Bofill (debuxos) (1976). *Historia de la Reconquista de Vigo*. Vigo: Ayuntamiento de Vigo.
- Machuca, C.G. (1997). El Casco Vello revive la Reconquista. *Faro de Vigo*. 7/IV/1997, 3.
- Martínez Alonso, Rubén (2013). *El Casino de Vigo: Crónica ilustrada del histórico Casino de Vigo (1847-1936)*. Santiago: Alvarellos Editora.
- Morillo, Pablo (1809). Relación de los sucesos ocurridos en la reconquista de Vigo, remitida a la Suprema Junta Central. *Gazeta Extraordinaria del Gobierno del sábado 15 de abril de 1809*. Sevilla.
- Muñños González, Jesús M.^a (1936). Al servicio de España. *Faro de Vigo*. 16/VIII/1936, 10.

- Núñez Seixas, Xosé Manoel e Iglesias Amorín, Alfonso (2009). La memoria de la Guerra de la Independencia en Galicia. En: Manuel Mortari Fernández, coord. *Ciudades en Guerra 1808-1814. Vigo en la Guerra de la Independencia*. Madrid: Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, 323-338.
- Rodríguez Elías, Avelino (1916). *La Reconquista de Vigo en 1809: juicio crítico e histórico*. Vigo: Casa P.P.K.O.
- Taboada Fernández, Nicolás (1876). Epopeya. II La Reconquista de Vigo (1809). *Faro de Vigo*. 3/VI/1876, 2.
- Taboada Fernández, Nicolás (1891). *Los héroes de la Reconquista de Vigo*. Vigo: Editorial de A. Varela.
- Taboada Leal, Nicolás (1840). *Descripción topográfico-histórica de la ciudad de Vigo, su ría y alrededores; con una noticia biográfica de varios hombres ilustres hijos del país*. Santiago de Compostela: Imprenta de la viuda e hijos de Compañel.
- Vallejo Pousada, Rafael e Domínguez Castro, Luis (2009). La Reconquista de Vigo y la Batalla de Ponte Sampaio. En: Manuel Mortari Fernández, coord. *Ciudades en Guerra 1808-1814. Vigo en la Guerra de la Independencia*. Madrid: Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, 231-248.
- Vesteiro Torres, Teodosio (1875). 28 de marzo de 1809. *Faro de Vigo*. 5/VI/1875, 1-2.
- Villares, Ramón (2004). *Historia de Galicia*. Vigo: Galaxia.
- Villaverde Román, Xosé C. (2002). Orixe das regatas de traíñas na Ría de Vigo. *Glaucopis*. 8, 287-308.
- Yáñez Rodríguez, Joaquín e López, Benito Manuel (1976). *Análisis histórico de la reconquista de Vigo*. Vigo: Ayuntamiento de Vigo.